

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 24/01/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
VOGAIS:	D. Jorge Cubela López
	D ^a . María Sandra Bastos Míguez, en substitución de D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Ricardo Martínez Chantada
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e catro de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024082270)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: LWDMQESJ1E16QXE9), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte de decembro do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DO COMEZO DO PROGRAMA DE VISITAS ORNITOLÓXICAS “VOANDO NAS RÍAS BAIXAS 2025” (EXPTE.: 2025002974)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DO COMEZO DO PROGRAMA DE VISITAS ORNITOLÓXICAS “VOANDO NAS RÍAS BAIXAS” 2025

As Rías Baixas ofrecen enclaves únicos ao longo da provincia de Pontevedra, desde tramos de costa acantilada e rochosa, amplos areas ou illas ata os montes densos e verdes do interior; en definitiva, lugares incomparables onde atopar unha extraordinaria biodiversidade de flora e fauna, coma aves (nidificantes, migratorias...), que fan da provincia de Pontevedra un destino con gran variedade de localizacións para a súa observación nas distintas estacións do ano e que atraen un numeroso público nacional e internacional.

Por iso, a Deputación de Pontevedra pon en marcha un ano máis o programa “Voando nas Rías Baixas” co obxectivo de contribuír á conservación e á posta en valor dos recursos naturais e ao desenvolvemento turístico e económico das zonas de alto valor ecolóxico, na súa maioría con figuras de protección tan importantes coma a Rede Natura 2000, a través da observación e do coñecemento das distintas especies de aves, o que proporciona, ademais, unha sensibilidade e conciencia ambientais.

RUTAS ORNITOLÓXICAS NO 2025

<i>Actividade</i>	<i>Día da actividade</i>
<i>Foz da Ramallosa e praia América (Nigrán)</i>	<i>02.02.25</i>



<i>Costa sur da Ría de Arousa (Cambados e Vilanova de Arousa)</i>	<i>09.03.25</i>
<i>Brañas de Xestoso (Forcarei e Silleda)</i>	<i>25.05.25</i>
<i>Praia da Lanzada (O Grove e Sanxenxo)</i>	<i>22.06.25</i>
<i>Campos e Lagoas de Rouxique (Sanxenxo)</i>	<i>28.09.25</i>
<i>Esteiro do río Lérez e Intermareal Combarro Lourido (Pontevedra e Poio)</i>	<i>09.11.25</i>
<i>Enseada de San Simón (Vilaboa, Soutomaior e Pontevedra)</i>	<i>14.12.25</i>

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Medio Ambiente: María Concepción López Paz”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

3.- DAR CONTA DA REUNIÓN DE SEGUIMENTO DA UNIDADE MIXTA “XESTIÓN DE PRAGAS E ENFERMIDADES FORESTAIS” CREADA POLO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE.: 2021066889)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA REUNIÓN DE SEGUIMENTO DA UNIDADE MIXTA “XESTIÓN DE PRAGAS E ENFERMIDADES FORESTAIS” CREADA POLO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. EXPEDIENTE 2021066889.

A Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA) tén un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para a creación da Unidade Mixta “XESTIÓN DE PRAGAS E ENFERMIDADES FORESTAIS”. O día 19/12/2024 reuniuse en formato on line a comisión de seguemento. Os temas tratados foron o resumo das tarefas desenvolvidas durante o ano 2024 e a exposición das actividades previstas para o continuación do convenio.



No ano 2024 analizáronse 122 mostrás para a determinación de diferentes enfermidades e pragas, e elaboráronse 3.105 tubos de inóculo para o control do cancro do castiñeiro.

De cara o ano 2025 continuarase coa análise de mostrás e de elaboración de tubos para o biocontrol.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

Asdo.: Olga María Aguín Casal”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

4.- DAR CONTA DA ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA) NA SEGUNDA REUNIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO DO PROXECTO BEAP-MAR BLUE BIOECONOMY IN THE ATLANTIC AREA: NEW PRODUCTS FROM MARINE ORGANISMS DO QUE FORMA PARTE COMA SOCIO (EXPTE.: 2023007187)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA) NA SEGUNDA REUNIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO DO PROXECTO BEAP-MAR “BLUE BIOECONOMY IN THE ATLANTIC AREA: NEW PRODUCTS FROM MARINE ORGANISMS” DO QUE FORMA PARTE COMO SOCIO. EXPEDIENTE 2023007187.

A Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA) forma parte do proxecto BEAP-MAR xunto con sete socios:

- (1) Universidade de Santiago de Compostela. España (Coordinador).*
- (2) National University of Ireland, Galway. Irlanda.*
- (3) Instituto Politécnico de Leiria. Portugal.*
- (4) French Alternative Energies and Atomic Energy Commission. Francia.*



(5) *Estación Fitopatolóxica Areeiro. Diputación Pontevedra. España.*

(6) *Universidade do Algarve. Portugal*

(7) *French Agency for Food, Environmental and Occupational Health & Safety. Francia.*

(8) *Innovation & Management Centre CLG T/A WestBIC. Irlanda.*

Nas datas do 9-10 de xaneiro celebrouse na Universidade do Algarve, Faro (Portugal) a segunda reunión técnica do proxecto.

Os temas tratados foron: resumo das tarefas desenvolvidas durante os últimos seis meses no ano 2024, a previsión das actividades para os próximos seis meses do ano 2025 e a designación da Estación Fitopatolóxica Areeiro (Diputación de Pontevedra) como sede da terceira reunión técnica do proxecto que se celebrará no mes de xuño.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

Asdo.: Olga María Aguín Casal”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

(documento asinado electronicamente)

Marcos Areán González

